

6.1.4. ORGANIGRAMAS TIPO DAS EMPRESAS DO SECTOR

Dentro da análise da situación actual do sector forestal que nos ocupa, identificáronse catro tipos de configuración empresarial en función do nivel de desenvolvemento da empresa e do número de traballadores que a integran. Estes modelos descríbense a continuación a través dos organigramas tipo detectados para o sector.

O primeiro corresponde a unha forma empresarial de pequeno tamaño, cun número de traballadores variable de 1 a 10. O segundo esquema representa unha empresa na que se integran de 10 a 25 traballadores. O terceiro esquema aumenta en complexidade e cobre a franxa de 25 a 75 traballadores. Por último, represéntase unha gran empresa do sector que presentaría máis de 75 traballadores.

EMPRESA FORESTAL • 1 - 10 Traballadores







